

FESTAS PATRONAIS 2015

Monforte de Lemos do 11 ao 16 de Agosto

Na honra á Virxe de Montserrat

na honra
á Virxe de Montserrat



CONTIDO

Programa das festas	3-15
Actividades culturais - Verán 15	16-18
Competicións deportivas	19
Colaboracións	20-37
O deporte, unha carta de presentación para Monforte	
O poeta amado na (súa) terra: Lois Pereiro, o fillo da Inés e do Manuel	
Sobre o VII conde de Lemos e a súa relación con Cervantes	
Carta a Manuel María	
Teléfonos de interese	38
Plano da cidade	39

PROGRAMA DE FESTAS CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

Coordinación

- Delegación Municipal de Cultura

Cartel das festas

- Sara Álvarez

Maquetación

- Ainet

Impresión

- Imprenta Fénix

Fotografías

- Jesús Rodríguez Montero

- Carlos R.F.

- Carlos Cortés

- Xurxo Lobato

Colaboracións

- Luis Conde

- Xosé Rodríguez Díaz

- José Martínez Rodríguez



11 de agosto
MARTES

20.30 horas

PREGÓN DAS FESTAS PATRONAIS-2015

Na Casa do Concello de Monforte de Lemos lerase o pregón das Festas Patronais do ano 2015.

21.00 horas

LANZAMENTO DO FOGUETE

que anuncia o inicio das Festas dende o Campo de Santo Antonio.

21.00 horas

INAUGURACIÓN DA ILUMINACIÓN ARTÍSTICA

22.30 horas

CONCERTO - "CLAVE DE FADO"

Na **Praza de España** concerto do grupo nado en Galicia cunha sonoridade única e diferente que ofrecerá diferentes estilos musicais partindo do fado.





12 de agosto
MÉRCORES

12.00 horas

O GRUPO DE GAITAS DO CONCELLO

sairá dende a **praza de Santo Antonio** tocando alboradas de inicio da festa por diferentes rúas da cidade. Posteriormente ás 13.00 h xuntarase cos Cabezudos para o gozo dos máis pequenos.

12.30 horas

A CHARANGA UNIÓN MONFORTINA

dende a **praza de Carude** e ata o centro urbano animará este día de festa cun pasacalle ata as 14.30h

12.30 horas


III FESTIVAL CÓMICO FESTIVO:

A RÚA É VOSA

COMPAÑÍA "KANBAHIOTA"

Na **praza de España** a compañía "Kanbahiota" representará o espectáculo **Vaia Circo** onde teremos tres personaxes dun marabilloso circo, circo ó que hai que sacar adiante.





12 de agosto
MÉRCORES



20.30 horas

A CHARANGA UNIÓN MONFORTINA

amenizará a tarde deste xornada festiva polo centro da cidade cun pasacalle que comezará no **Campo de Santo Antonio**.

20.30 horas

III FESTIVAL CÓMICO FESTIVO: A RÚA É VOSA COMPAÑÍA "KANBAHIOTA"

Na **praza de España** a compañía "Kanbahiota" poñerá en escena elementos novidosos e espectaculares: portes coreanos, mastros chineses, aro cyr, clown... Humor acrobacia aérea e risas para todas as idades.



23.00 horas

VERBENA na praza da Compañía ORQUESTRA OLYMPUS





13 de agosto
XOVES

12.00 horas

GRUPO DE GAITAS DO CONCELLO

Dende o **barrio da Florida** o Grupo de Gaitas do Concello tocará alboradas de inicio da festa por diferentes rúas da cidade.

12.00 horas

III FESTIVAL CÓMICO FESTIVO:

A RÚA É VOSA

COMPAÑÍA CIRCO CAIR

Na **rúa do Cardeal** actuación de Cair, compañía circense na que catro personaxes aparecen en escena, non falan, están á espera... CAIR é un espectáculo de circo e acrobacias no que accións sinxelas e cotiás derivan en coreografías acrobáticas, excéntricas, con continuos golpes e caídas caóticas que contrastan con coreografías visuais de danza e malabar.

13.00 horas

III FESTIVAL CÓMICO FESTIVO:

A RÚA É VOSA.

COMPAÑÍA DE TÍTERES ALAKRÁN

Na **rúa do Cardeal** a "Compañía de Títeres Alakrán" representará un espectáculo de monicreques de cachaporra tradicional que recupera o personaxe galego máis popular do teatro de monicreques dos anos cincuenta: Barriga Verde.





13 de agosto
XOVES

19.30 horas

III FESTIVAL CÓMICO FESTIVO: A RÚA É VOSA. COMPAÑÍA DE TÍTERES ALAKRÁN

Na **rúa do Cardeal** revisará algúns dos números máis clásicos de Barriga Verde: “o portugués, o xogo da pelota ou a corrida de touros”. O espectáculo non fará concesións á corrección política e non faltarán os golpes que definen este xénero de monicreques..

20.30 horas

III FESTIVAL CÓMICO FESTIVO: A RÚA É VOSA. COMPAÑÍA CIRCO CAIR

Na **praza de España** mostraranos un espectáculo onde a emoción e o risco se suman ao humor. O absurdo, o sinxelo e o universal están presentes nas disparatadas rutinas do circo.



20.30 horas

PANDERETEIRAS

A **Asociación Cultural Amigos da Pandeireta de Monforte** dende a **praza dos Chaos** amenizará a tarde deste xornada festiva polo centro da cidade.

23.00 horas

CONCERTO DE SÉS

Na **praza de España** actuará a cantautora SÉS con temas do seu disco **xenio destrozado** vestidos de blues, rock e sons do continente hispanoamericano.



00.00 horas

VERBENA na praza da Compañía LA FÓRMULA



14 de agosto
VENRES

11.00 horas

AULA MÓBIL. BARCO MURALLA

da Deputación de Lugo **na praza da Compañía** ata as 14.00h. Actividades ambientais. Patrimonio Natural.

12.00 horas

GRUPO DE GAITAS DO CONCELLO Dende a **praza dos Chaos** o Grupo de Gaitas do Concello tocará alboradas de inicio da festa por diferentes rúas da cidade.

12.00 horas

III FESTIVAL CÓMICO FESTIVO: A RÚA É VOSA TÍTERES MIRCROMINA

na rúa do Cardeal representará "Vacacións no Mar", un espectáculo de monicreques de luva, con caracteres e aconteceres renovados para o público de hoxe en día.

12.00 horas

A BANDA DE MÚSICA do Concello de Monforte relizará un pasacalle musical **na rúa do Cardeal**.

13.00 horas

III FESTIVAL CÓMICO FESTIVO: A RÚA É VOSA NONO

Na rúa do Cardeal o show Nono ofrecerá un espectáculo tenro no que asemade escacharemos coa risa . Combinación de mimo, malabares e clown. Aínda que os problemas acontezan a cada momento, sempre se resolven con moito humor e un chisco de loucura...





14 de agosto
VENRES

17.00 horas

AULA MÓBIL. BARCO MURALLA

da Deputación de Lugo na **praza da Compañía** ata as 19.00h. Actividades ambientais.

19.30 horas

III FESTIVAL CÓMICO FESTIVO: A RÚA É VOSA. TÍTERES MIRCROMINA

Na **rúa do Cardeal** "Títeres Mircromina" representará un espectáculo de viaxes: un día Moncho chega a porto no seu veleiro "Ovos con patacas"..., pero nun descoido o pirata Olló Virollo toma prestada a nave e bótase ao mar.

20.30 horas

III FESTIVAL CÓMICO FESTIVO: A RÚA É VOSA. NONO

Na **praza de España** Nono recrea números cómicos nos que os protagonistas se transforman en aloucados mimos, acróbatas e clowns dispostos a presentar o seu abraiante número cheo de risco e emoción.



20.30 horas

MERENZAO

O grupo monfortino de música tradicional xuntarase na **praza de Santo Antonio** e amenizará a tarde deste xornada festiva polo centro da cidade.

22.30 horas

III ROCK AND LEMOS FESTIVAL

Na **praza da Compañía** cos grupos:

THE BLACK VINTAGE

EXXASSENS

BOIKOT

BASTARDS ON PARADISE



23.00 horas

CONCERTO DA BANDA DE MÚSICA

DO CONCELLO DE MONFORTE na **praza de España**





15 de agosto
SÁBADO

9.30 horas

LANZAMIENTO DE 21 BOMBAS DE PALENQUE

anunciando o día grande das Festas Patronais.

10.00 horas

DÍA DA PATROA

Na **praza de San Antonio** xuntaranse toda as persoas que queiran participar na Homenaxe á **Patroa do Val de Lemos, a Virxe de Montserrat**. Dende alí acompañarán ás autoridades, que previamente se terán reunido no Salón de Plenos do Concello. A comitiva sairá acompañada pola **Banda de Gaitas do Concello de Monforte de Lemos**. Todos eles farán a **Ofrenda Floral á Virxe de Montserrat, Patroa da Cidade, na Igrexa de San Vicente do Pino**.

11.00 horas

MISA E OFRENDA FLORAL Á VIRXE DE MONSERRAT

Misa na honra da Virxe de Montserrat cantada pola Coral Polifónica do Concello de Monforte de Lemos. Á saída actuará a Banda de Gaitas do Concello de Monforte de Lemos. O Alcalde, autoridades e asistentes ao acto farán a Ofrenda Floral á Virxe.

11.00 horas

AULA MÓBIL. BARCO MURALLA

da Deputación de Lugo na **praza da Compañía** ata as 14.00h. Actividades ambientais.





15 de agosto
SÁBADO

DÍA DO GAITEIRO

O Concello de Monforte pretende no Día do Gaiteiro amosar e dignificar a riqueza cultural galega a través das súas diferentes expresións. Grupos de gaiteiros con cuartetos e quintetos, cantos de cego e grupos de percusión populares amosarán a enorme variedade musical de estilos e instrumentos.

11.00 horas

ALBORADAS COS GRUPOS DE GAITEIROS

Sairán dende a **praza de España** por diferentes rúas da cidade facendo alboradas.

13.00 horas

CONCENTRACIÓN DOS GRUPOS TRADICIONAIS

no centro urbano de Monforte onde divulgarán as súas músicas ata as 15.00h.

20.00 horas

PASACALLE

Dende o **campo da Compañía** ata a **praza de España**.

20.30 horas

MOSTRA DE DANZA

Na **praza de España**.



23.30 horas

BARCAS ENGANANADAS

No **malecón do río Cabe** farase un percorrido de barcas tradicionais engalanadas.

A actividade, a cargo da Club de Piragüismo Quixós, conta coa colaboración da Escola Municipal de Gaita e Percusión e da Asociación Cultural Amigos da Pandeireta de Monforte.

00.00 horas

FOGOS ARTIFICIAIS DE AIRE

Dende o monte de San Vicente sesión de fogos de artificio

00.30horas

VERBENA na praza da Compañía

Orquestra **COSTA DORADA**

Grupo **GIN TONI'S**.





16 de agosto
DOMINGO

12.00 horas

O GRUPO DE GAITAS DO CONCELLO

Sairá dende a **praza de Carude** facendo alboradas de inicio da festa por diferentes rúas da cidade e logo ás 13.00h xuntarase cos Cabezudos para o gozo dos máis pequenos.

12.00 horas

III FESTIVAL CÓMICO FESTIVO: A RÚA É VOSA CIRCO CHOSCO

ofrecerá na **rúa do Cardeal** un espectáculo case sen fala e para todo tipo de público, mestura de comedia e circo, que ten como resultado unha obra cómica con acrobacia, malabares e técnicas de portes e equilibrios.

12.30 horas

A CHARANGA UNIÓN MONFORTINA


animará este día de festa cun pasacalle dende a Florida e polo centro urbano ata as 14.30h

13.00 horas

III FESTIVAL CÓMICO FESTIVO: A RÚA É VOSA MALABREIKERS

Na **rúa do Cardeal** Beto e Tornillo, dous personaxes que proceden da periferia, dos arrabaldes, chegan cunha actuación que fixo flipar o seu barrio enteiro. Co apoio dos seus mais a incerteza de como serán recibidos polos demais presentan o seu novo show con malabares, acrobacia e moito humor...





16 de agosto
DOMINGO

17.00 horas

AULA MÓBIL. BARCO MURALLA

da Deputación de Lugo **na praza da Compañía** ata as 19.00h. Actividades ambientais.

19.30 horas

III FESTIVAL CÓMICO FESTIVO: A RÚA É VOSA. CIRCO CHOSCO

Na **rúa do Cardeal** o "Circo Chosco" afonda na creatividade conxunta cun claro obxectivo: facer rir ao público sen esquecer a espectacularidade como ferramenta imprescindible. O humor e o absurdo son os fíos cos que se constrúe a trama dun espectáculo de dous atletas, dous cómplices que se compenetran realizando trucos imposibles diante do público.

20.30 horas

III FESTIVAL CÓMICO FESTIVO: A RÚA É VOSA. MALABREIKERS

ofreceranos un espectáculo fresco e descarado na **praza de España**. Aínda que poidan facernos dubidar ó principio, rematarán abraíndonos co seu nivel acrobático, malabares incribles ou cun monociclo xirafa moi moi alto.



20.30 horas

CHARANGA UNIÓN MONFORTINA

Dende a **praza da Estación** e polo centro da cidade.

22.30 horas

CONCERTO DE ADN+

Na **praza de España** concerto do grupo monfortino, que nos ofrecerá unha actuación musical con cancións famosas do mundo do rock a nivel internacional, sen esquecer o blues e o groove.

22.30 horas

FOGOS ARTIFICIAIS DE AUGA

Dende o **río Cabe** sesión de fogos de auga.

00.30 horas

VERBENA na praza da Compañía PANAMÁ



DÍA DO GAITEIRO

sábado - 15 agosto

11.00 horas

Dende a **praza de España** sairán Grupos de Gaiteiros que percorreren rúas da cidade facendo alboradas.

O CEGO DA VENEIRA Cantos de Cego
A Pobra do Brollón

OS ALVARIÑOS Quinteto
Monforte de Lemos



OS TEIXEIRAS Quinteto
Monforte de Lemos

MERENZAO Quinteto
Monforte de Lemos

BRABÁN Quinteto
A Pobra do Brollón

XOGRARES DE LEMOS Cuarteto
Monforte de Lemos

ÉRBEDO Quinteto
Monforte de Lemos




13.00 horas

Concentración dos grupos
tradicionais no centro urbano
de Monforte onde divulgarán
as súas músicas ata as 15.00h



PASACALLE dos grupos participantes na Mostra de Danza **dende o campo da Compañía ata a praza de España**

A Pobra do Brollón



Tradicional Galega, Ballet Clásico, Danza Moderna da **Escola Municipal de Danza.**



VERÁN CULTURAL

PASEOS EN BARCA POLO RÍO CABE

Durante os meses de xullo, agosto e setembro poderanse alugar barcas de paseo no embarcadero do Parque dos Condes.

15 agosto BARCAS ENGANANADAS

22.30h Recuperación das Barcas Engalanadas e Iluminadas, tradición de mediados do século XX.



Organiza e patrocina:
Delegación de Cultura do
Concello de Monforte de Lemos
Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo
Área de Cultura e Turismo
Club de Piragüismo Quixós

8
agosto
20.00h

Fashion Nigh

apertura de establecementos comerciais do CCU de 20.00 a 24.00h con actividades, música, animación e descontos, show con malabares, acrobacia e moito humor.



Organiza
Centro Comercial Urbano

9
agosto
12.00h

O Mago Antón

Cultura no Camiño
Representacións de "onde está o mago Antón" na praza da Compañía dende as 12.00 e ata as 21.00h



Organiza e patrocina
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Agadic, Gadis e Concello de Monforte

8
agosto
23.00h

Roi Casal - Cultura no Camiño

Actuación na praza de España



Organiza e patrocina
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Agadic, Gadis e Concello de Monforte

22
agosto
22.30h

Musiqueando pola provincia de Lugo

Asociación Banda Filarmónica Lugo
Concerto na praza de España



Organiza
Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo - Área de Cultura
Concello de Monforte

VERÁN CULTURAL

III Obradoiro de Verán de Música e Baile Concello de Monforte de Lemos

17 ó 28 agosto Edificio Multiusos

MÚSICA

improvisación e creación musical moderna
percusión tradicional galega
percusión moderna

guitarra

piano

violín

gaita

saxofón

clarinete

trombón

trompa

trompeta

tuba

frauta

bombardino

MÚSICA E BAILE

música e movemento
hip hop (nenos e nenas entre 5 e 9 anos)

MÚSICA E BAILE

ballet clásico (a partir de 6 anos)
danza moderna (a partir de 9 anos)
danza tradicional galega (todas as idades)
baile de salón (adultos)



Organiza e patrocina:
Delegación de Cultura do
Concello de Monforte de Lemos
Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo
Área de Cultura e Turismo
Fábrica de Sons

Música Moderna nas Prazas - VERÁN 2015

21
agosto

22.00h

MARCOS PIM DUOLOGY, TAKE A SECOND

jazz-dúo de guitarra

Praza Doutor Goyanes



21
agosto

MASTER CLASS MARCOS PIM

música jazz. para todos os instrumentos
Edificio Multiusos

27
agosto

22.00h

CHIGLIAK

soul, rock, boss-dúo guitarra e voz
Praza dos Chaos



22
agosto

22.00h

MARIAN LEDESMA & TINAQUERO BROTHERS

blues

Praza da Estación



28
agosto

22.00h

LA PANABACK

rock, pop, soul
Praza do Carude



Organiza e patrocina:
Delegación de Cultura do Concello de Monforte de Lemos
Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo - Área de Cultura e Turismo
Fábrica de Sons

VERÁN CULTURAL

23
agosto

Festa da Empanada

Festa Gastronómica Popular na Área de recreo de Ribas Altas

20.00h



Organiza Asociación de Veciños de Ribas Altas

26-29
agosto

XVIII Feira do Libro de Monforte na rúa do Cardeal



Organiza Fed. de Libreiros de Galicia - Concello de Monforte

29
agosto

XVI Festival de Habaneras Concello de Monforte

Praza de España coa participación de:

21.00h

- Orfeón de Mieres
- Coral Polifónica Concello de Monforte



Organiza e patrocina
Concello de Monforte de Lemos - Delegación de Cultura

29
agosto

Noite Branca

feita fin de verán, apertura de establecementos comerciais do CCU de 20.00 a 24.00h con actividades, música, animación e grandes descontos.

20.00h



Organiza e patrocina
Centro Comercial Urbano

27
28 29
agosto

II Fancine de Lemos

Festival de cine fantástico e de terror



Organiza Ivan Patiño (Amanita films) e Carlos Álvarez

5
setembro

20.00h

IV Festival do Paradiso

Rúa Zapardiel - Área recreativa de San Vicente dende as 20.00h



Organiza
Asociación Náufragos do Paradiso

Patrocina
Delegación de Cultura do Concello de Monforte de Lemos
Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo - Área de Cultura

6
setembro

XVI Xornada Europea da Cultura Xudía

Visitas didácticas á zona de ámbito xudeu de Monforte



Organiza e patrocina
Red de Juderías de España / Caminos de Sefarad
Concello de Monforte de Lemos

21
setembro

Festa de San Mateo

Festa Popular na Parroquia da Parte





CALENDARIO DEPORTIVO

CLUB-ENTIDADE	EVENTO	DATA	INSTALACIÓN
Club Ximnasia Rítmica Quicela	Campus de Ximnasia Rítmica	29 de xuño ó 4 de xullo	Pavillón IES Río Cabe e Daviña Rei
C. B. Val de Lemos	Campionato 3 x 3 de Baloncesto	1 de agosto	Pista Deportiva da Compañía
C. B. Val de Lemos Concello de Monforte	IV Campus de Baloncesto Cidade de Monforte	17 - 21 de agosto	Pavillón Municipal da Pinguela
C.P. Calasancio	I Depor Campus - Monforte	27 - 31 de xullo	Campo de Fútbol PP. Escolapios
C.P. Calasancio	Torneo de Fútbol Xuvenil Memorial Xacobo	8 de agosto	Campo Municipal da Pinguela
C.P. Calasancio	Trofeo Fútbol Base Festas Patronais	22 de agosto	Campo de Fútbol PP. Escolapios
C.P. Calasancio	Torneo Fútbol 8 Prebenxamín, Benxamín, Alevín	19 de setembro	Campo de Fútbol PP. Escolapios
A.D. Veteráns	A.D. Veteráns Monforte - A.F.Veteranos de Ponferrada	22 de agosto	Campo Municipal da Pinguela
Club Tiro con Arco Arcolemos	Tirada Social de Percorridos de Caza con Arco	9 de agosto	As Lamas
Club de Tiro Olímpico Cabe	Tirada de "Piñal, Histórico Militar, Avancarga e Núñez De Castro" (Armas Históricas)	5 de xullo	Galería de tiro As Lamas
Club de Tiro Olímpico Cabe	Torneo de Tiro Festas Patronais	8 - 9 de agosto	Galería de tiro As Lamas
A.D. Río Cabe Golf	Torneo de Golf Concello de Monforte	14, 15, 16 de agosto	Club de Golf Río Cabe
Sociedade Val de Lemos	Concurso de Pesca Festas Patronais	8 de agosto	Zona de Pesca do Malecón e do Couto de Monforte
Los Goya Concello de Monforte	Monforte Solidario - A paixón polo Fútbol	9 de agosto	Campo Municipal de Fútbol da Pinguela
Club Lemos	Torneo de Fútbol Festas Patronais	15 de agosto	Campo Municipal da Pinguela
Club Tennis Cuatro Vientos	15º Torneo de Tennis Cidade de Monforte	21 - 30 de agosto	Pista de Tennis Municipais da Pinguela
Club Billar Templarios	Open Bola 8	29 - 30 de agosto	Instalacións Club Billar Templarios
Club Quixós	Copa Galega Promoción Slalom	19 de xullo	Río Cabe - Parque do Condes
Concello de Monforte	IX Campus de Fútbol Cidade de Monforte	3 - 7 de agosto	Campo Municipal Luis Bodegas
Concello de Monforte	Actividades dirixidas ó Aire Libre: Tai Chi, Ioga, Dálle Ritmo e Aerotono	do 1 de xullo ó 14 de agosto	Parque dos Condes e Malecón
Concello de Monforte	VI Torneo de Volei Praia Concello de Monforte	17 - 23 de agosto	Parque dos Condes
A.D. A Pinguela	II Campus de Voleibol Ribeira Sacra - Monforte	3 - 7 de agosto	Pavillón Municipal da Pinguela



O Deporte, unha carta de presentación para Monforte

Luis Conde

Chegan as Festas Patronais e nada mellor que aproveitar estas datas nas que miles de monfortinos volven á súa terra para resumir os éxitos do noso deporte. Este ámbito **converteuse nos derradeiros anos nun verdadeiro vehículo de promoción non só da nosa cidade, senón de toda a Ribeira Sacra.**

Conscientes da importancia que ten o deporte na formación integral dos nenos e das persoas, as administracións, as firmas comerciais e o público en xeral non escatiman ano tras ano en investir recursos na medida das súas posibilidades para que os clubs eduquen e preparen aos rapaces e poidan competir con garantías nos campionatos nos que participan.

O saldo desta campaña é moi positivo xa que, tanto os equipos como os deportistas a nivel individual, acadaron triunfos que tiveron moita resonancia, non só na comarca de Lemos senón en Galicia e en España.



No eido futbolístico, a competición fixo xustiza cun **Club Lemos** que, xestionado por xente de fútbol, volveu a Preferente Autonómica. Poderíamos dicir que é a súa categoría natural; pero por historia e por

entidade da cidade a este club, que será centenario en poucos anos, corresponderíalle competir na Terceira División. Ese é o soño da actual directiva, con Antonio Pérez –por certo, este directivo foi o último que o ascendeu a esta categoría- á cabeza, que confeccionou un equipo para dar batalla e tentar dar o salto de categoría. O Lemos non só ascendeu a Preferente senón que foi campión de liga e chegou ás semifinais da copa Deputación. Os futbolistas, ben dirixidos por Martín Murado dende o banco, completaron unha tempada de DEZ.

O Arenas, o equipo dun dos barrios máis emblemáticos da nosa cidade, competiu na Terceira Autonómica e cumpriu. Liderado na presidencia por Roberto Eireos, o equipo deu á altura e unha vez máis o seu sinal de identidade foron os futbolistas monfortinos, que coa súa achega económica permitiron que a afección local puidese gozar cada domingo de fútbol no Luís Bodegas.



Na categoría feminina o **Monte Forte** animou unha Segunda Autonómica na que tivo que pelexar con clubs con orzamentos estratosféricos. O técnico, Rivas, logrou ensamblar un equipo que estivo loitando ata o tramo final da competición por ascender.



Non puido ser, pero as rapazas entregáronse ao máximo.

Na copa Deputación, o Monforte, dirixido por Mateo, que substituíu o anterior técnico, vendeu cara a súa eliminación en semifinais.

Monforte é a segunda cidade en importancia da provincia de Lugo. Existe un paralelismo con esta afirmación e é que no fútbol base tamén estamos preto da capital. **O Calasancio** e o **CF Monforte** son os maiores e únicos expoñentes da canteira da comarca de Lemos.



O club estudantil dispón de máis de douscentos rapaces federados, o que demostra un crecemento importante, cuxo traballo ten o seu reflexo tanto no ámbito formativo como no competitivo. No primeiro a marca Calasancio vende e seduce e son numerosos os nenos e os pais que optan por un proxecto que permite competir en campionatos autonómicos e nacionais. A chegada de David Páez á dirección deportiva deulle un pulso á entidade espectacular, xa que iniciou unha profesionalización que se traduciu na presenza de técnicos titulados e educadores nos distintos equipos. No ámbito competitivo o éxito máis salientable da campaña foi o ascenso do xuvenil A a liga nacional, un resultado moi meritorio e ratifica que os nosos futbolistas teñen capacidade máis que suficiente para conquistar títulos e ascensos, sen necesidade de que cheguen foráneos en masa. O resto de equipos do

Calasancio cumpriron con solvencia.

O CF Monforte naceu como unha alternativa



seria e, a pesar dos obstáculos que atopou, hoxe é un proxecto máis que consolidado. De non poñer en marcha este club, onde estarían eses 160 nenos que forman parte dos seus equipos? Na rúa. A entidade que preside Mari Luz Parada non segrega e oferta a todos os nenos a posibilidade de xogar, con independencia das súas calidades futbolísticas. Esta fórmula estimula aos nenos e aos pais a optar por incorporarse ao seu proxecto. Esta foi a campaña na que o Monforte deu un paso adiante, logrando varios títulos. A sinatura como filial do Lemos permitiu que varios futbolistas do equipo xuvenil debutasen co conxunto de Martín Murado

O ámbito futbolístico complétase cos **veteranos da AD Monforte** que certificaron un gran campionato. Remataron na terceira praza, pero chegaron incluso a ocupar o liderado. Este proxecto naceu no seu día como unha fórmula que permitiu prolongar a carreira deportiva de moitos futbolistas que deixaron as categorías oficiais e como lugar de encontro de moitos amigos. O competitivo, aínda que é importante, convértese nun argumento secundario. O máis valioso é confraternizar, gozar dos adestramentos e da competición. Tamén supón calidade de vida porque, ao igual que lles pasa aos máis cativos, mantéñense os hábitos saudables.



Alcanzar un campionato de España non é algo habitual, pero para algúns clubs da nosa cidade si se está convertendo en algo continuo. O **Ximnasio Neka** conquistou o primeiro campionato de España como club e fíxoo pola porta grande. Este título completouse coa consecución de seis medallas máis no apartado individual, logrando **Alejandro Fernández** o seu terceiro campionato nacional consecutivo, un fito histórico para o noso deporte. É un dos primeiros deportistas en conseguilo a estas idades no panorama do deporte español. Os éxitos continuos están sendo claves no crecemento dun club que na actualidade dispón dun total de 62 licenzas federativas. Outro dos clubs que reman na mesma dirección que o Neka, e nunca mellor dito, é o **Quixós** que na modalidade de piragüismo sumou numerosas medallas nos torneos nacionais e nas copas de España nas que participou este ano.



A natación é unha das modalidades deportivas que tamén coloca a Monforte

cada fin de semana no mapa. O **CN Monforte**, liderado polo ourensán Paulo Diéguez, suma todas as fins de semana medalla tras medalla, o que permite que cada ano sexan varias as promesas que compiten nos campionatos de España de inverno e de verán. Esta campaña o mérito aínda é maior tendo en conta que animicamente o equipo pasouno mal durante o tempo no que o futuro da piscina municipal estivo no aire.



Os mellores deportistas do ano 2014

Un dos momentos máis emotivos deste ano foi a celebración da **Terceira Festa do Deporte Monfortino** que elixiu por segunda vez consecutiva a **Saleta Fernández** e a **Marcos González** como mellores deportistas do ano 2014. A atleta local, que o ano pasado fichou polo FC Barcelona, certificou unha tempada para enmarcar, logrando podios en cada un dos campionatos galegos e de España nos que participou. Saleta é unha das deportistas con máis proxección na Ribeira Sacra. Os seus resultados e a súa progresión permitíronlle participar unha vez máis en concentracións da selección española absoluta de atletismo.





Pola súa parte, o piragüista Marcos González participou de novo no Campionato do Mundo e conseguiu ademais o campionato de España e medallas na copa de España. Olo! os dous apuntan alto, e non hai que descartar que algún día cheguen a ser olímpicos. Para eles é un soño e quen sabe se se converterá en realidade. Visos ten, e moitos.



Outros deportes tamén tiveron o seu protagonismo. Neste punto quero facer unha mención especial ao **Quicela** que, da man de Jéssica, ten unha canteira espectacular. Son moitas as nenas que xa compiten a un nivel máis que aceptable, o que lles permite conquistar medallas nos campionatos locais, comarcais, provinciais e galegos. O voleibol deu un paso máis despois do impulso que se lle imprimiu coa creación do **Ribeira Sacra Monforte**. Os tres equipos da entidade, ben traballados por Manolo Martínez e Verónica Contreras, brillaron nos campionatos autonómicos. O voleibol monfortino pide paso e, da man de Óscar González, o equipo da **Gándara** proclamouse campión de Galicia. Neste proxecto hai unha base espectacular que convida á posibilidade de



ver nun futuro máis ou menos inmediato un equipo masculino en categoría autonómica. A actividade completouse co deporte escolar no que competiron máis de douscentos deportistas entre nenos e nenas. A Gándara tamén brillou no atletismo. Rubén de Vicente logrou ensamblar un grupo de atletas novos, algúns dos que soñan con seguir os pasos de Saleta Fernández.



O baloncesto traballa na dirección de revitalizarse de novo. Non sería descartable pensar nun equipo nunha categoría superior. O **CB Val de Lemos** realizou unha campaña aceptable, pero foi, sobre todo na base, na que os conxuntos desta entidade brillaron. As ligas de fútbol sala, a pesca, o billar, o ciclismo, a equitación, o xadrez completan a oferta deportiva dunha cidade que continúa pisando forte neste ámbito.

Neste parágrafo quero facer unha mención especial a **Prodeme** que a través do deporte permite que os rapaces e rapazas con discapacidade intelectual e física ocupen o lugar que merecen e que lles corresponde nesta sociedade. Emotivo resulta velos




competir con ganas, con motivación e moi ilusionados. O simple feito de participar xa é unha vitoria. Aquí hai que agradecer a Javier Illanes o seu traballo constante con estes auténticos *cracks*.

En **infraestrutura deportiva** Monforte aproba cun notable. É todo un luxo para a nosa cidade contar cunhas instalacións modélicas como as do Luís Bodegas, que deixan impresionados aos afeccionados e aos deportistas que veñen competir a Monforte. Complétanse co campo, o pavillón e as pistas de tenis e atletismo da Pinguela. Despois de Lugo a cidade do Cabe tamén é a segunda neste ámbito

Como poden observar, un dos puntos fortes de Monforte é o seu deporte, que se converte nun dos reclamos promocionais máis importantes tanto para a cidade como para a Ribeira Sacra. É importante que as administracións continúen apostando polo deporte, porque estamos falando dunha actividade que é sinónimo de saúde, compromiso, fortaleza, disciplina, convivencia e solidariedade.

O deporte é a mellor alternativa e a mellor solución para apartar os rapaces e as persoas en xeral de actividades nocivas que tanto dano fan. É mellor investir en previr que en curar.

¡Deportistas, boas festas patronais e sorte nos vosos retos e proxectos!





O poeta amado na (súa) terra: Lois Pereiro, o fillo da Inés e do Manuel *Xosé Rodríguez Díaz*

1

Cando a Pepa Vega, amiga común, nos presentou, Lois Pereiro xa era Lois Pereiro. Quero dicir que, mesmo antes daquel momento, a principios dos anos 90, cando xa tiña publicado boa parte da súa obra e xa era unha icona da nosa poesía, xa era Lois Pereiro. Porque Luis Ángel Sánchez Pereiro sempre foi Lois Pereiro. Os xenios xa traen o talento consigo e moi cedo se aprecia a súa grandeza. Sábeo ben quen o coñeceu de novo e así o escribiu, Xosé Manuel Pereiro, nun magnífico artigo titulado “Retrato de Lois como artista adolescente”, publicado no diario El País. Isto que eu sospeitaba, confirmoume unha excelente profesora de historia de moitas xeracións de monfortinas e monfortinos, Mari Carmen Acevedo, a benquerida Pirula, hai uns meses, cando se levou a cabo o acordo do pleno da corporación do Concello de Monforte de nomear a Casa da Cultura e a Biblioteca Pública Municipal co nome “Poeta Lois Pereiro”. Ela, coa clareza, a dozura e o rigor que a caracteriza, contoume o singular que era aquel alumno.

Moitos anos antes, cando aínda eu era un neno, os meus pais construíron unha casa na rúa que despois se chamaría Eduardo Pondal, poeta e bardo, debería engadirse ao rótulo. Lembro, de forma nítida, as xanelas daquel edificio en construción, con grades letras brancas nos vidros que dician “CG”, iniciais de Cristalería “La Galaica”.

Eran mediados os anos 70; daquela Lois xa estaría en Madrid, ou tal vez non, tal vez xa v o l v e r a a Monforte, despois

de deixar a socioloxía e el mesmo axudou a colocar eses vidros; porque el sempre estivo do mesmo lado e non me refiro ao escalafón, senón á posición ética, ou dito nas súas propias palabras: “Sigo a estar de parte da Beleza, dos que nos sentimos na obriga de loitar, desde que o mundo é mundo, polo que sempre nos resultou moralmente xusto e evidente [...]”

Penso, ao escribir este texto, que non é casual o de exercer de cristaleiro porque, en realidade, é unha bonita metáfora: de pór os cristais que gorecen á xente das inclemencias meteorolóxicas, pasou a escribir textos que translocen sentimentos que, dunha forma íntima e profunda, nos dan acubillo para sobrevivir neste “imperio «zombie» de Microsoft mental”.

Porque a súa escrita transparente un ideario inspirado no amor, na liberdade e na loita contra todas as inxustizas; porque, como dixo o seu amigo Manuel Rivas:

“Así son as palabras de Lois Loisón Pereiro. Son tan verdadeiras que semellan pecado. Como hai unha beleza do enigmático. Porque iso é un don da poesía cando é excepcional: que enigmatiza aquilo que desvela. Hai que ser moi valente para chegar aí.”





Naqueles anos, contábame o Carruxo, na súa versión de pinchadiscos da Xolda, que Lois era un dos que traía discos de fóra coas novas músicas que soaban e que, nese páramo cultural que era a España do fascismo eran imposíbeis: David Bowie, Joy Divison ou a Velvet, músicas que facían da Xolda unha embaixada de Europa na autarquía franquista. El achegaba eses valiosos discos coa xenerosidade que o acompañou toda a súa breve e intensa vida, como poden acreditar todas as persoas que o coñeceron.

2

Eran os anos 90, en que Monforte aínda contaba coa librería Mapa e a Xistral, coa Saleta, ao leme da nave, e o Manuel, dos da tropa da “Terra, Lingua, Cultura, Mente aberta ao mundo... e nada máis”, parapetado na barricada de libros e formas que rodeaban a súa mesa, á que toda persoa boa e xenerosa era ben recibida. Co Manuel, que xa falaba dos irmáns Pereiro no autolimiar do Cancioneiro do Val de Lemos, e o Lois, coincidín neses anos en Monforte. O Manuel María foi quen promoveu a presentación na Casa da Cultura, hoxe “Poeta Lois Pereiro”, do poemario “Poesía última de amor e enfermidade 1992-1995”, nun magnífico acto que, a bo seguro, aínda lembramos con emoción quen tivemos a fortuna de vivilo.

Acabada a presentación, un grupo de xente alongámola polos bares, onde o pracer da conversa pola conversa, sen os protocolos que impón a formalidade dos actos, casa ben co gozo da amizade do

poeta. Lembro como me sorprendeu a súa bondade e sensibilidade, a humildade que só posúe a xente sabia; a xenerosidade que só practica quen de verdade non ten nada seu porque todo lle é dado aos demais. E ao amor, no seu sentido máis extenso: o amor do amante, do irmao, do amigo e, en especial, das amigas, porto seguro na súa singradura. O amor intenso e extenso: todo o amor do mundo era para Piedad e todo o amor do mundo lle quedaba para dar ao resto, de forma ilimitada:

*“a Ti, única desde por e para sempre,
fagas o que fagas ou esteas onde esteas
para Ela, que me reanudou sen dor entre
Poemas; todo o que podo e que aínda teño
por Ela, Ela e Ela,
á miña beira sempre, e eu nelas
e a todas Elas, as que foron, son e serán
obxecto e causa
deste amor que resucita ilimitado.”*

Di o trovador Silvio Rodríguez, “sólo el amor engendra la maravilla”, por iso a poesía de Lois Pereiro é marabillosa porque, aínda na enfermidade, aínda na ausencia, aínda na dor, o amor acompañaa sempre, mesmo na súa última poesía de amor e enfermidade: “contra a morte o amor que vai comigo”.

3

Por iso Monforte homenaxea ao seu poeta. Foron moitos os actos desenvolvidos, en Monforte e no mundo, con motivo de dedicarlle a Real Academia Galega o Día das Letras Galegas de 2011. Con anterioridade, xa lle fora dedicada unha rúa e, no mes de abril do ano 2011, por unanimidade do pleno da corporación



monfortina, foi declarado fillo predilecto de Monforte de Lemos; e, este ano 2015, o pleno da corporación acordou, na súa reunión do 26 de xaneiro, declarar o ano Lois Pereiro e nomear a Casa da Cultura e a Biblioteca Pública Municipal como “Poeta Lois Pereiro”.

Todos estes merecidos recoñecementos que lle levamos tributado como pobo ao noso veciño son necesarios, porque xusto é que un dos nosos mellores poetas, cuxa obra está traducida a outras linguas como o castelán, o vasco, o inglés, o catalán e, mesmo, o búlgaro, sexa profeta na súa terra; porque non calquera pode gabarse de contar cun veciño que fose recoñecido pola RAG coa dedicatoria do Día das nosas letras e, sobre todo, porque Lois Pereiro e a súa poesía fortalecen a presenza de Monforte no mundo e, desde ese punto de vista, nos reforza como comunidade e como lugar de interese para todas as persoas que aman a beleza. Sempre nos tivo presentes. Monforte é omnipresente na vida e na obra de Lois Pereiro, unha persoa que coñecía varias linguas, que tanto andou polo mundo e que sempre volveu, porque, en certo sentido, nunca marchou:

*“Volví. Nunca había partido.
Alejarme tan sólo fue el modo
de quedar para siempre.”*

Escollo estes versos do ourensán José Ángel Valente, poeta que el tanto admirou, para asegurar que, mesmo agora, Lois Pereiro nunca se foi e con nós permanece para sempre.

Porque é bo homenaxear a Rosalía de

Castro, Alexander Flemming, Castelao, Concepción Arenal, Cervantes ou Clara Campoamor, polo que representan, polo que teñen achegado ao noso país e á humanidade, pero é imprescindible homenaxear ao noso veciño porque, ademais da súa contribución literaria, constitúe un fío que tece a nosa sociedade, que nos une como pobo, que nos vincula; que entrelaza á miña nai e ao meu pai coa poesía de Manuel María, a través dos cristais da súa casa, elemento protector das inclemencias do mundo; que relaciona á profesora Acevedo co Carruxo, unidos xa de forma eterna polo Lois Pereiro adolescente, alumno singular que escoitaba os discos de Bowie que o Carruxo pinchaba na Xolda; que conecta á bibliotecaria Elisa con vostede que está a ler este texto, tal vez, na Biblioteca Pública Municipal “Poeta Lois Pereiro”.

Temos, no amor e na poesía do noso ilustre escritor, un punto en común que nos une alén de todas as diferenzas e a casuística que condiciona a nosa vida cotiá.

Como monfortino militante, como el foi, como somos cada unha de nós que con orgullo proclamamos **a nosa monfortinidade**, agradezo o recoñecemento brindado ao noso poeta máis universal, polo que representa, polos valores de xustiza, igualdade e amor que el defendeu e que se identifican cos ideais máis altos que recoñece e sublima a mellor versión da nosa sociedade e que, a bo seguro, todas as xentes de ben compartimos.



*“A amizade protexe e o amor cura
o odio contaxia e fire
a indiferencia mata.”*

4

Lois Pereiro naceu en Monforte o 16 de febreiro de 1958. En vida publicou dúas obras de referencia na nosa poesía: Poemas 1981/1991 (1992) e Poesía última de amor e enfermidade 1992-1995 (1995). Participou en obras colectivas e na fundación e difusión de instrumentos culturais de primeira magnitude, como foi a revista “Loia” e “Luzes de Galiza” e deixou inconclusa a novela Náufragos do Paradiso, da que toma o seu nome unha asociación cultural monfortina; e tamén o extraordinario texto titulado “Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia”, onde el propio explicou o seu pensamento, “aforrando un inxente traballo aos eséxetas”, como desafortunadamente, tan del, que ten de falar o seu irmán Xosé Manuel, dixo nos actos de homenaxe celebrados no mes de abril do ano Lois Pereiro.

Lois Pereiro faleceu o 24 de maio de 1996, cando contaba tan só trinta e oito anos. Fago miñas as palabras do poeta Miguel

Hernández, na súa “Elegía a Ramón Sijé”, para lamentar a súa morte prematura:

*“Temprano levantó la muerte el vuelo,
temprano madrugó la madrugada,
temprano estás rodando por el suelo.”*

E con nós quedou a noite, a mesma sensación de inmensa tristeza e frustración que, de forma tan brillante, xa expresara, respecto do seu propio amigo, o poeta oriolano:

*“No perdono a la muerte enamorada,
no perdono a la vida desatenta,
no perdono a la tierra ni a la nada.”*

Do Lois Pereiro, ademais da súa doce lembranza, quedanos a súa obra, inmorrente, imprescindíbel. Se queredes coñecela ou revisitala, podedes facelo na nosa Biblioteca Pública Municipal “Poeta Lois Pereiro”, onde sempre seredes ben recibidas, porque, como el mesmo escribiu:

“Se me permite seguir axudando á defensa que non procura dominar nin agredir, seguirá a ser unha loita compartida por min: da tropa dos vencidos. Terra. Lingua, Cultura, Dereito á diferenza. Mente aberta ó mundo... e nada máis”.





Sobre o VII Conde de Lemos e a súa relación con Cervantes no Cuarto Centenario da publicación da segunda parte do *Quijote*

José Martínez Rodríguez

Estimados C... e P...,

A pesar do grave apuro en que me poñedes ao pedirdesme información sobre o cuarto centenario da publicación da segunda parte do *Quijote*, o significado que para min ten Monforte móveme a escribir este humilde artigo, froito máis do meu amor á fermosa cidade do Cabe, que está ás portas de celebrar as Festas Patronais de 2015, que dos meus coñecementos sobre o tema.

O artigo que segue é a miña modesta resposta á vosa petición para que obredes con el do modo que estimes máis conveniente.

A- SOBRE O VII CONDE DE LEMOS DON PEDRO FERNÁNDEZ DE CASTRO MECENAS DE CERVANTES

I. Un nexo entre Cervantes e Monforte de Lemos: Pedro Fernández de Castro, VII conde de Lemos.

A vinculación entre Cervantes, *O Quijote* e Monforte de Lemos non se entende sen a figura de Pedro Fernández de Castro, VII conde de Lemos, monfortino de vocación e de corazón a quen o cumio da literatura española lle dedicou a segunda parte da súa obra máis universal, *O Quijote*, en 1615. Por iso o grande conde de Lemos, así o chama Cervantes, cremos que merece moitas das palabras deste artigo.

II. De Monforte á Corte (1576-1598): Pedro Fernández de Castro, sétimo conde de Lemos, cuarto marqués de Sarria, quinto conde de Vilalba e terceiro de Andrade naceu en 1576. Algúns dos moitos estudosos da súa figura cren que o fixo en Monforte, entre eles Alfonso Pardo Manuel de Villena (marqués de Rafal) e Germán Vázquez. Outros como Eduardo Pardo de Guevara y Valdés cren que o lugar do seu nacemento foi Madrid baseándose no expediente relacionado coas súas probas de nobreza para a orde de Alcántara.

Era o primoxénito do sexto conde de Lemos, Fernando Ruiz de Castro Andrade e Portugal, e da súa



dona Catalina de Zúñiga e Sandoval. A súa infancia transcorre entre Monforte e Madrid e de cando en vez coa súa familia visita Lerma e Valladolid. En relación a Madrid foi menino da corte de Filipe II xunto co seu irmán Fernando.

Coñecemos grazas a Fernandez de Béthencourt o nome da súa aia, a señora Vélez, e sabemos tamén que foi preceptor seu o licenciado Juan Arce Solórzano, autor dunha xenealoxía dos Castro e dunha obra dedicada a don Pedro Fernández de Castro, *Tragedias de Amor*, publicada en 1604 e escrita en Lemos onde transcorre a acción.

Don Pedro foi un rapaz esperto inda que enfermizo e recibiu unha esmerada educación.

Monforte contaba cun colexio de xesuítas fundado polo cardeal Rodrigo de Castro. Temos noticias do aprecio que espertaba entre os mestres que se reflicte no *Memorial* do padre Gaspar Moro sobre a formación que impartía no Colexio de Monforte datado en 1595 e tamén en cartas que o propio Moro e Diego García dirixen ao seu pai o VI conde de Lemos. Diego García en concreto sinala que “El Marqués (que Dios guarde muchos años) me tiene robado el corazón y le robará a quienquiera que tratare”.

Rematada a súa formación primaria en Monforte, trasladouse á Universidade de Salamanca para completar esta. Algúns estudosos



cren que aquí pasou dous anos e outros catro. Tamén algúns autores sinalan que conseguiu o cargo de reitor como o cardeal Rodrigo de Castro. Daquela empeza a interesarse pola literatura e inicia a amizade, entre outros, cos irmáns Argensola.

III. Os primeiros anos na corte (1598-1603). D. Pedro chega de Salamanca a Madrid en 1598 co título de marqués de Sarria que lle concedera o sexto conde de Lemos ao seu primoxénito. A Vila e Corte está vivindo a morte de Filipe II e a chegada ao trono de Filipe III quen deposita a confianza e as rendas do imperio en Francisco de Rojas e Sandoval, duque de Lerma. O home forte do goberno de Filipe III convértese este mesmo ano en sogro de don Pedro polo matrimonio deste coa filla daquel, a súa curmá dona Catalina de la Cerda e Sandoval. Bendiciu este enlace o cardeal Rodrigo de Castro.

Tamén en 1598 Lope de Vega se converte en secretario do sétimo conde de Lemos ata 1600. Á parte da relación laboral entre don Pedro e Lope de Vega incíase a partir de entón unha amizade que durará toda a vida do sétimo conde de Lemos. De feito Lope de Vega lembra nunha epístola dedicada ao conde en 1607 que en se oufanou de vestilo e descalzalo.

A vida na corte, da que pasou a ser xentilhome por designación de Filipe III, obrigouno a participar activamente nos feitos que sucedían arredor dela como o recibimento dispensado a dona Margarida, a nova raíña, en Valencia no ano 1599 no que tivo especial protagonismo. Ese mesmo ano o VI conde de Lemos, o seu pai, é nomeado vicerrei de Nápoles.

En 1601 segue participando na vida da corte, concretamente no bautizo da infanta dona Ana, pero ademais teñen lugar dous grandes acontecementos na vida de don Pedro: falece o seu pai, o que o leva a ocupar o condado de Lemos ata a súa morte en 1622, e accede á Presidencia do Consello de Indias.

IV. Presidente do Consello de Indias (1603-1610): D. Pedro toma posesión do cargo de presidente do Consello de Indias o 9 de marzo de 1603 malia a súa xuventude. Coa tutela do duque de Lerma comeza

así unha das carreiras políticas máis relevantes do reinado de Filipe III.

O Consello de Indias era un dos organismos de maior relevancia da Administración española do século XVII. O seu cargo non estivo exento de problemas, pero tampouco faltaron os méritos acadados polo conde nesta etapa como a conquista do arquipélago das Molucas ao sur de Filipinas que motivou a redacción da obra *La conquista de las islas Molucas* (1609) de Bartolomé Leonardo de Argensola. D. Pedro tamén conseguiu lograr evitar o control sobre o consello do seu propio sogro, o duque de Lerma, coa supresión da Cámara de Indias e a proposta del o rei Filipe III promulga unha real cédula a prol da liberdade dos indios e do mellor tratamento por parte dos colonos. Durante a súa etapa presidencial escribiu *Relación del gobierno de los Quixos y Macas* (1608) sobre esta provincia pertencente ao goberno de Quito.

V. Vicerrei de Nápoles (1610-1616): en 1608 é nomeado Vicerrei de Nápoles e nese momento encárgalle ao seu secretario Lupericio Leonardo de Argensola formar a comitiva que o había acompañar. Entre os aspirantes a formar parte dela estaban Cervantes e Góngora que finalmente non foron elixidos.

A comitiva saíu de Madrid cara a Nápoles o 17 de maio de 1610. Tanto a cidade como reino de Nápoles eran nesta época un activo foco cultural. D. Pedro conseguiu mellorar a crítica situación da facenda napolitana e interveu tamén na intensa actividade militar desenvolvida sobre a área mediterránea. No relativo a obras públicas, á parte de construír palacios como o da universidade (hoxe Museo Arqueolóxico de Nápoles) ou continuar o Pazo Real de Nápoles que comezara a construír o seu pai o sexto conde de Lemos, merece especial interese a condución de augas dende o Vesubio e os traballos de saneamento que fixeron produtivos os campos onde existían lagoas e pantanos pestilentos.

Durante a estancia en Nápoles o seu amor polos libros levouno a formar unha espléndida biblioteca. Fomentou as veladas teatrais en palacio e impulsou os faladoiros literarios na “Academia dos Ociosos”. El e a súa dona, Catalina de la Cerda e Sandoval,



realizaron xestións perante a Santa Sé para que lles autorizase trasladar un importante número de reliquias a España.

VI. Presidente do Consello de Italia (1616-1618).

Ao seu regreso de Nápoles, no ano 1616, pasa a desempeñar o cargo de Presidente do Consello de Italia ata 1618, ano de caída en desgraza do seu sogro o duque de Lerma, valido de Filipe III, que motiva tamén o abandono forzoso da corte por parte de Pedro Fernández de Castro e o seu retiro a Monforte. Durante esta etapa nunha das festas organizadas pola nobreza representouse a súa comedia *La casa confusa*.

VII. Os derradeiros anos (1618- 1622): o amor a Galicia e a Monforte. Ao pouco de regresar a Monforte en 1618, os condes de Lemos realizaron unha viaxe polos seus estados, estudado detalladamente pola historiadora Manuela Sáez González. O itinerario deu comezo o 10 de maio e finalizou o 25 de xullo e dividiuse en varias etapas: Monforte-Chantada-Santiago; Santiago-Noia-Santiago; Santiago-Poulo- Betanzos; Betanzos-Pontedeume; Pontedeume- Cedeira- S. Andrés de Teixido- Pontedeume- Betanzos; Betanzos- Guitiriz-Lugo e Lugo- Sarria- Paradelas- Monforte.

Á volta a Monforte o conde centrouse na administración das súas posesións, aínda que tamén tivo unha importante presenza na vida de Galicia. En xullo de 1619 tomou posesión do oficio de rexedor da cidade da Coruña así como de alguacil maior do Reino de Galicia. Ademais foi un dos máis firmes valedores na reivindicación da concesión ao Reino de Galicia do voto directo nas Cortes, aspecto co que se relaciona a súa máis famosa obra literaria *El búho gallego*.

O de Lemos organizou grandes festexos en Monforte, como o de 1620 na honra da Virxe do Rosario. Para esta ocasión solicitoulle a Lope de Vega unha obra de carácter relixioso e el mesmo contribuíu literariamente á festa cunha das súas comedias da que non se ten outra noticia.

Promoveu así mesmo a construción de edificios que constitúen a falta de fillos a máis brillante prolongación do seu amor pola cidade do Cabe: os Conventos de S. Xacinto e de Sta. Clara. Neste

último, formado en boa medida pola colección artística dos seus fundadores os VII condes de Lemos, atópase un dos máis importantes museos de Arte Sacra de España, o máis completo e valioso museo de arte italiana dos séculos XVI e XVII en Galicia. Isto foi posible grazas ao labor dos Condes durante a súa estancia en Nápoles, cando conseguiron reunir unha valiosa colección de relicarios e obras de arte italianas.

En 1622 por mor dunha enfermidade da súa nai, Catalina de Zúñiga y Sandoval, viaxa a Madrid. Ten quizais a intención de recuperar o favor real e volver á Corte malia o seu feliz retiro en Monforte, pero é el mesmo quen atopa a morte no seu pazo da praza madrileña de Santiago o 19 de outubro de 1622 aos corenta e seis anos. Enterrouse primeiramente no convento das Franciscanas Descalzas en Madrid. Hoxe os seus restos atópanse no de Santa Clara de Monforte.

VIII. Mecenado e cultura. Fernández de Castro destacou polo seu protagonismo na vida cultural do barroco primeiro e polo seu labor de promoción artística co que se relaciona a Academia dos Ociosos napolitana ou as súas fundacións relixiosas en Monforte: os conventos de Santo Domingo e de Santa Clara.

Así mesmo relacionouse cos escritores máis célebres da época como Lope de Vega, Góngora, Quevedo, Cervantes ou os irmáns Argensola entre outros.

Da súa relación con Lope de Vega xa nos ocupamos en liñas anteriores. En canto a Góngora o escritor cordobés e o conde coñécense posiblemente en 1603 e manteñen en xeral unha boa relación ata a morte de Don Pedro coa salvidade dun pequeno momento en que Góngora lamenta non formar parte da comitiva que acompaña o conde a Nápoles. O poeta cordobés visitou Galicia e tamén Monforte en 1609 e aquí escribiu o famoso soneto que comeza “Llegué a este Monte-fuerte, coronado/ de torres convecinas a los cielos/ cuna siempre real de tus abuelos,/ del reino escudo y silla de tu estado.”

Outro escritor destacado a que o conde distinguiu coa súa amizade foi Francisco de Quevedo que lle dedicou *El sueño de las calaveras* e *El alguacil alguacilado*.



IX. O conde de Lemos, escritor. A relación coa literatura do sétimo conde de Lemos non se cingue á protección prestada aos grandes escritores da época de ouro da literatura castelá senón que el mesmo foi escritor, faceta á que nos referimos a continuación de modo breve posto que o/a amable lector/a deste artigo atopará ao final del bibliografía para achegarse máis extensamente ao tema.

Un incendio acontecido no pazo dos Condes de Lemos en Monforte a fins do século XVII impídenos coñecer as obras literarias do conde na súa totalidade. A algunhas fíxose referencia en liñas anteriores. A considerada máis importante de todas é *El búho gallego* (1620). Nesta obra aparecen diversas aves identificadas con distintos pobos de España, entre elas o bufo galego, nunha xuntanza presidida pola aguiá real. Trala ficción literaria agóchase unha alegación política na defensa de Galicia e en relación directa coa cuestión do voto en Cortes.

B- A RELACIÓN DE CERVANTES E O CONDE DE LEMOS

O de Lemos e Cervantes posiblemente se coñeceron a través de Lope de Vega na etapa en que a corte se asentou en Valladolid.

A vida de Cervantes que nacera en 1547 estivera marcada por unha serie de fracasos domésticos e profesionais. De feito no ámbito narrativo, o máis destacado da súa produción, antes do 1600 só publica unha obra *La Galatea* (1585) mentres que as restantes son posteriores a este ano.

A Cervantes custáballe atraer os favores dos mecenas e buscaba un apoio sólido posto que as dedicatorias de *La Galatea* a Ascanio Colona e da primeira parte do *Quijote* publicada en 1605 ao duque de Béjar non lle reportaran o máis mínimo beneficio.

A axuda do conde de Lemos fronte as penurias económicas de Cervantes foi un bálsamo que aliviou a situación do escritor e permitiu que os últimos anos deste fosen os máis felices da súa vida, especialmente dende o punto de vista literario coa publicación de *Novelas Ejemplares*, *Comedias y Entremeses*, a segunda parte de *El Quijote*, *Viaje al*

Parnaso e postumamente *Los trabajos de Persiles y Sigismunda*. Todas estas obras a excepción de *Viaje al Parnaso* están dedicadas a Pedro Fernández de Castro.

A primeira dedicatoria aparece nas *Novelas Ejemplares* (1613) na que Cervantes sinala "... Y yo quedo aquí contentísimo por parecerme que voy mostrando en alto el deseo que tengo de servir a Vuestra Excelencia (...) Criado de Vuestra Excelencia. Miguel de Cervantes Saavedra.

En 1615 na dedicatoria das *Comedias y entremeses* recoñece ao de Lemos "como a mi señor, y firme y verdadero amparo".


A dedicatoria da segunda parte do *Quijote* data do 31 de outubro de 1615. Nela Cervantes sinala que "emperador por emperador, y monarca por monarca, en Nápoles tengo al gran conde de Lemos, que sin tantos titulillos de colegios ni rectorías me sustenta, me ampara y hace más merced que la que yo acierto a desear".

Finalmente o 19 de abril de 1616, só catro días antes da súa morte, Cervantes escribe a conmovedora carta que precede a *Los Trabajos de Persiles y Sigismunda* na que se dirixe novamente ao seu grande protector o conde de Lemos:

"Puesto ya el pie en el estribo
con las ansias de la muerte
Gran Señor, esta te escribo"

C- EPÍLOGO

Quixera a modo de epílogo expresar en primeiro lugar as miñas desculpas polos erros e omisións deste artigo producidas en parte polos modestos coñecementos sobre o tema de quen o escribe, pero tamén pola complexidade deste. Partindo de tres aspectos Cervantes, a segunda parte do *Quijote* e o conde de Lemos, somos conscientes de ternos dedicado máis ao terceiro. Invitamos, porque o





cuarto centenario do *Quijote* o merece, a que a Delegación de Cultura promova actividades para dar a coñecer máis os outros dous “aspectos” do artigo: a figura de Cervantes e o *Quijote* e en particular a segunda parte.

A celebración do IV centenario da segunda parte do *Quijote* é unha ocasión máis para fixar a atención nos moitos aspectos do rico patrimonio de Monforte e para tentar conservar e divulgar ese patrimonio a través de exposicións, charlas... que queden fixadas nalgún soporte co fin de contribuír a enriquecer o coñecemento colectivo desta fermosa cidade monfortina.

Neste sentido iniciativas como a lectura da segunda parte do *Quijote* promovidas pola Asociación de Veciños Castro Dactonio parécennos moi interesantes ao igual que proxectos ao redor do *Quijote* e da pintura que este colectivo ten proxectados. Neste sentido mesmo lembramos as pinturas sobre o *Quijote* no próximo a Monforte Pazo dos Marqueses de Bóveda.

Agradecemos o papel trascendental que no artigo tiveron os gardiáns e as gardiás da memoria de Monforte. Fomos e sempre seremos debedores deles. Nesta ocasión lembramos de modo especial as figuras de José María Asensio e a súa obra *El Conde de Lemos, protector de Cervantes*, Hermida Balado e a súa obra *Vida del VII conde de Lemos. Interpretación de un mecenazgo*, Alfonso Pardo Manuel de Villena (marqués de Rafal) e a súa obra *Un mecenas español del siglo XVII...*, Eduardo Pardo de Guevara y Valdés e a súa obra *Don Pedro Fernández de Castro, VII conde de Lemos (1576-1622)*, a entrada “Fernandez de Castro Pedro” incluída na *Gran Enciclopedia Galega*, Germán

Vázquez e a súa obra *Historia de Monforte y su tierra de Lemos*, o folleto *Don Pedro Fernández de Castro VII conde de Lemos* editado por mor da celebración en 2010 do cuarto centenario do Vicerreinado de Nápoles e da inauguración da exposición permanente sobre o conde no Edificio Multiusos de Monforte, Mónica Martínez García e a súa obra *Pedro Fernández de Castro . O gran conde de Lemos* e finalmente Manuela Sáez González e a súa obra *O VII Conde de Lemos, Cervantes e outros literatos*.

Falando de memoria sería desexable que o concello fose conseguindo para os fondos da biblioteca libros e materiais relacionados coa figura do sétimo conde de Lemos e o seu mecenado e con Cervantes e o *Quijote*. Poderían formar parte dun Centro de Documentación Local, creación que sería interesante proposta hai anos nun artigo de Carlos Rodríguez Fernández para o programa das Festas Patronais.

Finalmente desexamos a todas e todos, monfortinas e monfortinos e visitantes, unhas boas festas. Que haxa diversión, pero que esta non sexa incompatible cunha ollada ao patrimonio local forxado ao longo de séculos por persoas anónimas e non anónimas como o VII conde de Lemos. Que haxa un oco para el nos nosos encontros e lembranzas durante as festas e tamén durante os nosos paseos estivais polo Monforte que amamos, como o amou Pedro Fernández de Castro, paseos por un Monforte que conserva lugares emblemáticos tan ligados ao sétimo conde como os conventos de Santo Domingo e de Santa Clara entre outros.





Carta a Manuel María

(José Martínez Rodríguez)

Admirado Manuel María,

Son un monfortino de a pé, moi normal. Alégrame moito que vivises tantos anos en Monforte, de 1958 a 1998, que enriqueceses coa túa presenza a túa cidade de adopción da que fuches nomeado fillo adoptivo en 1987 e que é a miña de nacemento. Desgrazadamente non coincidín moito contigo en vida. Con todo debo sinalar que acudín en certas ocasións á librería túa e da túa dona Saleta cando nos centros educativos se empezaba a estudar galego. Alí lembro mercar algúns libros, especialmente o dicionario de Xosé Luis Franco Grande, compañeiro xeracional teu. E lémbrote a ti e a Saleta, ti na túa mesiña redonda.


A medida que fun cumprindo anos funte admirando máis. En certos momentos que exercín a docencia impulsei ao meu alumnado a ler o teu libro *As ribeiras son escuras* e teño libros da túa autoría dedicados por ti como *Os ontes do silencio*.

Támén me lembro da túa presenza e das túas fermosas verbas na presentación de *Poemas para unha loia* de Lois Pereiro na Casa da Cultura que hoxe leva o nome de Lois. E igualmente recordo a presentación da reedición da colección de poesía Val de Lemos á que viñeron moitos dos hoxe grandes escritores que editaron títulos nesa importante colección poética que ti promoviches.

Finalmente tamén lembro os actos de homenaxe que che se fixeron en decembro de 2003 en particular o acto da Casa da Cultura e gardo na miña biblioteca o pequeno librillo editado por mor de ditos actos *Ao redor de Manuel María*. E sigo dándolle ao maxín e non rematan aquí as lembranzas posto que tamén me acordo da presentación de *Os carreiros do soño* na Galería Sargadelos na praza de España. Os que rexentan a Galería son os que che colleron a librería nas Galerías Fontecha onde se podían adquirir pezas de Sargadelos, pero disto sabes máis ca min.

En 2010 asistín a unha charla de Xosé Lois García sobre Uxío Novoneyra o homenaxeado ese ano no Día das Letras Galegas e atrevínme a preguntar ao final da charla ao conferenciante se vía factible que che dedicasen en canto fose posible o Día das Letras Galegas. Eu tiña un presentimento que así sería, que en 2014 (dez anos despois do teu falecemento) ou pouco despois cho dedicarían, e non me equivoquei moito afortunadamente pois dedicárancho en 2016.

Nos últimos anos en actividades que desenvolvín en moitas ocasións en colaboración co Concello de



Monforte tamén estiveches moi presente. Dende 2012, despois de dedicarlle o Día das Letras Galegas en 2011 a Lois Pereiro, tiveron lugar na Casa da Cultura por mor das Letras Galegas varias exposicións nalgúns das cales tiñas presenza. A de 2012 foi de Olladas sobre as Letras de Lemos e houbo expostos libros teus e doutros moitos escritores e escritoras ligados ás Terras de Lemos.

En 2014 no discurso do Reis Magos lembrouse os dez anos do teu pasamento e co concello dentro das actividades das Letras Galegas participei na elaboración da exposición *Por Monforte con Manuel María* partindo do teu libro *Cancioneiro de Monforte de Lemos*, que ofrece a posibilidade dunha fermosa ruta literaria pola cidade monfortina. Mesmo eu en compañía con integrantes do colectivo Lemos Le que engloba bibliotecas municipais e escolares da Terra de Lemos fixemos a ruta por Monforte baseándonos no teu *Cancioneiro de Monforte de Lemos*.

Eu desexaba daquela enormemente que che dedicasen o Día das Letras Galegas dado que tes unha obra amplísima en todos os xéneros, apta para todo tipo de públicos, incluído o infantil e xuvenil e sempre con Galicia como grande protagonista e, aínda que non son tan grande galego coma ti, tamén amo moito a miña terra, a lingua da miña terra e a literatura galega.

En 2015 lembreite novamente xunto co concello na exposición realizada na Casa da Cultura por mor do Día das Letras Galegas. Titulouse *Terra e Letras de Lemos: 17 olladas* e había uns apuntamentos biográficos acompañados de imaxes e dunha escolma de poemas teus moi relevantes ademais de tratar doutros escritores e escritoras da Terra de Lemos dende a idade media ata a actualidade. Tamén lembrei que este ano se cumpren vinte e cinco da edición do *Cancioneiro de Monforte de Lemos* en 1990. Sería interesante tentar unha reedición do libro por parte do Concello de Monforte de Lemos e sería igualmente interesante que o de Pantón puidese reeditar *Cantigas e cantos de Pantón*.



Espero que vexas a través destas humildes palabras, cheas de erros e omisións polos que pido desculpas, a miña admiración por ti. Por iso estou moi feliz que o ano 2016 se che dedique o Día das Letras Galegas e agardo que na Terra Chá de nacemento, na Terra de Lemos de adopción e en xeral en toda Galicia se celebre ese ano 2016 como ano de Manuel María tal e como mereces e eu falo especialmente polo que respecta a Monforte e á Terra de Lemos.

Sería desexable que os teus moitos e grandes amigos e estudosos da túa obra, acudisen a estas terras para axudar a festexar ese ano e para lembrarte (Lois Diéguez, Xosé Lois García, Camilo Gómez Torres, Manuel Rajo López... por dicir só algúns nomes). Tamén sería desexable que a Biblioteca Municipal Lois Pereiro ampliase os libros da túa autoría ou que falan de ti con publicacións interesantes que vaian saíndo e en definitiva sería desexable que Monforte te lembre como mereces.

Vén agora o momento de botar de novo unha ollada ao *Cancioneiro de Monforte de Lemos* e tentar trazar unha ruta por Monforte partindo del.

Comezaría a ruta na praza da Compañía dende onde me dirixiría a Carude.

Á **praza de Carude, primeira parada**, tes dedicado un poema no *Cancioneiro de Monforte de Lemos*. Captas nel a singularidade dese barrio, cun especial sentido do tempo, cunha arquitectura tradicional conservada en moitos casos, coa capela de S. Lázaro e coa propia praza que non hai moito tempo aínda foi eira como lembrás ti e tamén fotos antigas.

Dende Carude dirixímonos de novo á **Compañía, segunda parada**. En relación a este espazo sinalamos cinco poemas dos trinta que compoñen en total o *Cancioneiro de Monforte de Lemos*. Son os titulados: Cancionciña en lembranza da Festa das Reliquias, Cancionciña do reiseñor e a noitarea no Campo da Compañía, Colexo Nosa Señora a Antiga, O Cardeal don Rodrigo de Castro e Francisco Moure. A xeometría, a harmonía e a sobriedade combínanse á perfección no Colexio Nosa Señora da Antiga fundado polo Cardeal Rodrigo de Castro tal como reflictes no poema Colexo Nosa Señora da Antiga. Tamén te ocupas do retablo maior da igrexa, magnífica obra de nogueira de Francisco de Moure ao que dedicas un poema ao igual que ao fundador do Colexio cuxas obras se iniciaron en 1593: o cardeal Rodrigo de Castro, ilustre persoeiro de Monforte fillo da III condesa de Lemos Beatriz de Castro. Outra das composicións dedícase á Festa das Reliquias relacionada coa fermosa capela das Reliquias que se atopa na igrexa do Colexio. Estas festas foron durante tempo as maiores da localidade de Monforte.

A ampla praza da Compañía e o Colexio dos

Escolapios merecen unha parada detida. No caso do colexio á parte da fachada, salientan a escaleira monumental, o claustro nobre, a igrexa e o seu pequeno e grande museo que conserva entre outras obras os dous únicos cadros do Greco que hai en Galicia: a Aparición da Virxe e o Neno a S. Lourenzo e S. Francisco e o irmán León meditando sobre a morte.

Dende A Compañía, dirixímonos ao Parque dos Condes onde collemos cara ao paseo do río e ao chegar a este collemos dirección á Ponte Nova. Ao chegar a ela cruzámola e cruzamos á outra beirarrúa para volver coller o paseo do río e chegar á **Ponte Vella, terceira parada**. Río Cabe e Ponte Vella son protagonistas de dous poemas do *Cancioneiro de Monforte de Lemos*: Poemíña do río Cabe e Canción da Ponte Vella. A fermosa ponte vella é unha reconstrución de finais do século XVI. Hai constancia da existencia de pontes en época medieval e a tradición mesmo lle dá en moitas ocasións o nome de Ponte Romana.

Practicamente a carón da Ponte Vella atópase o **Convento de Santa Clara, cuarta parada**. A el está dedicado o poema Convento de Santa Clara. Destaca neste convento, fundado polos VII condes de Lemos (Pedro Fernández de Castro e Catalina de la Cerda e Sandoval) no século XVII o seu magnífico Museo de Arte Sacra que conta cunha magnífica colección de arte italiana dos séculos XVI e XVII e con destacadísimas obras de Gregorio Fernández: un Cristo Xacente e unha Inmaculada.

Cruzamos a Ponte Vella e seguimos o percorrido pola praza Doutor Goyanes para coller despois pola rúa do Comercio onde se atopa o **Centro do Viño, quinta parada**, no edificio que fora hospital do Arrabal ou de Sancti Spiritus e posteriormente de 1821 a 2001 Casa do Concello. Actualmente alberga a Oficina Municipal de Turismo, as dependencias do Consello Regulador da Ribeira Sacra e o Centro do Viño da Ribeira Sacra que ofrece unha atractiva visión desta zona xeográfica tomando como fio condutor o viño.

O viño e os viñedos teñen especial protagonismo na Ribeira Sacra á que pertence o Concello de Monforte de Lemos xunto con outros vinte situados nas beiras do curso final do Sil ou do curso medio do Miño en case todos os casos e pertencentes ao sur de Lugo e ao norte de Ourense. Tres composicións do *Cancioneiro de Monforte de Lemos* xiran ao redor do mundo do viño: Canción da vendima, Pandeirada do Amandi e Cancionciña aos viños do Val de Lemos. Merece a pena pasear devagar pola rúa do Comercio e a praza Doutor Goyanes tamén cheas de historia.

Dende o Centro do Viño continuamos o percorrido pola praza de España, outra vía histórica de Monforte ao igual que doutor Teijeiro. Nesta rúa atópase a Praza de Abastos e neste edificio conflúe a rúa doutor Teijeiro coas de Bailén chamada en tempos medievais do Peso



e coa de **Inés de Castro (sexta parada)**, a ilustre muller filla do señor de Lemos Pedro Fernández de Castro o da Guerra que foi no século XIV raíña de Portugal despois de morrer e que protagonizou unha grande historia de amor co príncipe e logo rei Pedro de Portugal. Esta historia tivo un abundante tratamento artístico e literario a nivel internacional e tamén Manuel María lle dedica no *Cancioneiro de Monforte de Lemos* a composición Inés de Castro.

Ascendemos agora pola histórica rúa Bailén. Ao final desta xiramos á dereita e pouco despois á esquerda seguindo o noso percorrido agora pola rúa Santo Domingo que discorre paralela á muralla da que vemos ao pasar por esta rúa as Torres do Cárcere Vello e despois a Torre de Sto. Domingo. Dende ela podemos baixar cara á esquerda para ver a igrexa e o **convento de Sto. Domingo** fundados polos VII condes de Lemos no século XVII. Podemos facer aquí no convento de Sto. Domingo a **sétima parada** e contemplalo e ao mesmo tempo lembrar a grande figura do VII conde de Lemos, grande monfortino e grande protector de importantes escritores como Lope de Vega, Cervantes, Góngora e Quevedo entre outros. A Pedro Fernández de Castro dedicalle Manuel María a composición Don Pedro Fernández de Castro, VII conde de Lemos incluída no *Cancioneiro de Monforte de Lemos*.

Dende o convento de Sto. Domingo volvemos á Torre de Sto. Domingo e ascendemos cara á esquerda. Pouco despois de pasar diante da cabeceira da igrexa de Sto. Domingo aparece á nosa dereita unha das portas da muralla medieval de Monforte, a hoxe chamada da Alcazaba. Nada máis pasala un camiño á esquerda lévanos ao **monte de S. Vicente (oitava parada)**.

O monte de S. Vicente está coroado polo magnífico Conxunto Monumental de S. Vicente do Pino formado pola Torre da Homenaxe medieval, o pazo condal con porta de acceso de mármore do Incio coas armas dos condes de Lemos e o mosteiro e igrexa de S. Vicente do Pino. A praza situada entre o lateral da igrexa e o pazo dos condes de Lemos recibe o nome de praza Luis de Góngora. No *Cancioneiro de Monforte de Lemos* en relación con S. Vicente do Pino inclúense tres composicións: Monte de S. Vicente do Pino, Sonetiño a Santa Ana coa virxe e o neno, na eirexa do mosteiro de S. Vicente do Pino e Don Luis de Góngora.

A igrexa de S. Vicente presenta moitos atractivos no seu interior como o retablo maior, o da Virxe de Montserrat ou a imaxe de Santa Ana, A Virxe e o Neno. O templo é protagonista de grandes celebracións locais como a Festa do S. Brais (3 de febreiro) e as que se fan na honra á patroa de Monforte a Virxe de Montserrat (o martes de Pascua, o 27 de abril e o 15 de agosto día grande das Festas Patronais de verán).

Luis de Góngora foi un importante escritor da época

dourada da literatura castelá. Visitou Galicia e parou en Monforte onde estaba o seu protector o VII conde de Lemos. Á nosa cidade dedicoulle o famoso soneto que comeza "Lllegué a este Monte- fuerte coronado/ de torres convecinas a los cielos".

Hai unha serie de composicións dedicadas a Monforte en xeral e ao Val de Lemos. Dadas as privilexiadas vistas que se teñen dende o monte de S. Vicente da cidade e do propio Val de Lemos pode ser este un lugar moi ben acaído para ler estas composicións e falar dalgúns lugares e motivos significativos que aparecen nelas.

En concreto as dedicadas a Monforte son Madrigal a Monforte, Poema á cidade de Monforte de Lemos e Pequena guía lírica de Monforte de Lemos. Tamén podemos aproveitar este lugar para ler Homenaxe ao Ledo, famoso poeta oral de Monforte, e e O Pazo de Tor, destacado monumento situado na parroquia monfortina de S. Xoán de Tor que forma parte da rede museística provincial de Lugo.

Nestes poemas aparecen nomes de lugares da cidade de Monforte como: Ramberde, Os Chaos, Reboredo, Xudería (zona de ámbito xudeu), praza do Piñeiro, Cantón (actualmente praza do Doutor Goyanes), Tecelás, Abeledos, Pena (actualmente forma parte da rúa Doutor Casares), Arrabal (actualmente rúa do Comercio), Roberto Baamonde, illas do Club Fluvial, Porta Vella (probablemente a Porta da Alcazaba da muralla medieval), rúa do Conde, ponte dos Picos, praza da Estación, Morín e rúa da Estrela.

As dedicadas ao Val de Lemos son Canción de Amor ao Val de Lemos, Os montes que cinguen o Val de Lemos, O labrego do Val de Lemos, Poemiña das feiras, Poema ao Val de Lemos e Canción de romaría.

Na Canción de amor ao Val de Lemos aparecen mencionados os concellos da Comarca de Terra de Lemos: Bóveda, Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra do Brollón, O Saviñao e Sober.

No Poema ao Val de Lemos aparecen nomes de parroquias e aldeas do Concello de Monforte, barrios da cidade monfortina e unha parroquia do Concello de Pantón. En concreto atopamos os nomes de Seoane, A Vide, Piñeira, Ribas Altas, S. Vicente, O Morín, O Escoureiro, O Fabeiro e Mañente (parroquia do Concello de Pantón).

Na Canción de romaría aparecen nomeadas festas actuais e antigas do Concello de Monforte de Lemos e outra do Concello de Sober: a famosa romaría da Cadeiras xunto ao Santuario do mesmo nome nas inmediacións dun fermoso miradoiro ao canón do Sil (Cadeiras pertence á parroquia de Pinol). As festas do concello de Monforte que se mencionan son as de



Gullade, Tor, a famosísima do S. Mateo na Parte o 21 de setembro, Morín, S. Lázaro, O Casar, Os Chaos e as Patronais.

No poema Os montes que cinguen o Val de Lemos aparecen topónimos referidos a montes na Ribeira Sacra (Cabeza de Meda, Marroxo), nomes de serras próximas a Monforte (O Courel), nomes de comarcas (Caldelas) e dos dous ríos máis importantes da Ribeira Sacra (Miño e Sil).

No poemíña das feiras faise alusión a varias feiras da Terra de Lemos: a da Pobra do Brollón, Escarirón, Currelos, Ferreira, Rubián e Monforte.

Dende S. Vicente baixamos de novo cara á parte chá da cidade pola rúa de Sto. Domingo, pola que chegamos á praza de España. Dende esta praza collemos pola **rúa do Cardeal (novena parada)** para chegarmos á Compañía. A rúa do Cardeal era e segue a ser unha rúa de paseo pola que paseaba frecuentemente o Manuel. Nela están as Galerías Fontecha que tamén dan á rúa Hortas e nestas galerías atopábase a librería de Manuel e Saleta: a Xistral. Á rúa do Cardeal dedicálle Manuel María no *Cancioneiro da Terra de Lemos* a composición Canción da Rúa do Cardeal.

Percorremos a rúa do Cardeal ata o final onde practicamente enlaza coa Compañía. Aquí en fronte ao Parque dos Condes hai unha pequena praza cunha emotiva **imaxe de Manuel María (décima parada)** sentando apoiado sobre unha pequena mesa redonda evocadora da que usaba durante moitas horas na súa librería. Esta imaxe está moi cerca do edificio número un da rúa Roberto Baamonde, hoxe transformado, no que viviu moitos anos. Pode ser un bo lugar para ler a composición Pequena canción de amor incluída tamén no libro *Cancioneiro de Monforte de Lemos*.

Finalizamos este artigo, que é non unha pequena carta de amor, pero si de humilde e fonda fonda admiración a ti, Manuel, cuns pequenos datos da túa vida e obra incluídos na exposición “Por Monforte con Manuel María” e tamén no artigo do programa das Festas Patronais de 2014 titulado: Monforte de Lemos 2014: unha pequena ruta histórica, artística e literaria.

Manuel María nace en Outeiro de Rei o 6 de outubro de 1929 e morre na Coruña o 8 de setembro de 2004. Despois do seu paso pola escola cursa Bacharelato en Lugo onde entra en contacto cos membros da *tertulia* do “Méndez Núñez”: Luís Pimentel, Celestino Fernández de la Vega, Ánxel Fole... Ademais dos habituais pasaban pola faladoiro os escritores que visitaban Lugo.

En 1949 publica por primeira vez os seus versos na revista Xistral e un ano máis tarde publícase na colección Benito Soto o seu primeiro libro de poemas *Muiñeiro de brétemas*.

Durante a súa estada en Santiago por mor do servizo militar coñece membros da Xeración Nós e galeguistas composteláns. Manuel María acudía á tertulia do “Español” xunto con Uxío Novoneyra e inician unha amizade especial co pintor Maside.

Despois do servizo militar, Manuel María, animado por Celso Emilio decídese facer procurador dos tribunais.

Casa con Saleta Goi en 1958 o mesmo ano en que se establece en Monforte a onde vén vivir animado por César Quiroga, que lle facilita traballo nunha emisora e na Academia Balmes. En xaneiro de 1959 xurou como Procurador.

Nos anos setenta participa activamente nos primeiros intentos de organización política galega. No ano 1970 xunto con Saleta abre a librería Xistral. Pouco despois creouse a editorial que sacou doce volumes na colección Val de Lemos. Saíron libros de Lois Diéguez, Margarita Ledo, Celso Emilio Ferreiro, Neira Vilas...

En 1979 saíu elixido concelleiro nas eleccións municipais. Son moitas as súas intervencións na política local recollidas nos libros de actas de Plenos así como mocións e preguntas ao Pleno. En 1987 é nomeado Fillo Adoptivo de Monforte.

Trala súa xubilación como procurador pasa a residir na Coruña. Sae elixido membro numerario da Real Academia Galega o 22 de xuño de 2002.

Poeta de amplísima e variada produción na que se poden distinguir tres eixos temáticos:

Poesía da angustia na liña da Escola da Tebra coa que se relacionan entre outros os primeiros libros *Muiñeiro de brétemas* (1950) e *Advento* (1954), poesía social da que algúns títulos son *Cantos rodados pra alleados e colonizados* (1976) ou *Poemas pra construír unha patria* (1977) e finalmente poesía intimista coa que se relacionan libros de poemas como *Terra Cha* (1954), *A luz resuscitada* (1984) ou *A primavera de Venus* (1993). En 2001 a editorial Sotelo Blanco edita a súa obra poética completa.

Tamén cultivou a narrativa (*Contos en cuarto crescente* (1962), *O xornaleiro e sete testemuñas máis* (1971)...; o teatro (*Auto do taberneiro* (1957), *Auto do labrego* (1961), *Barriga verde* (1968) e o ensaio (xeralmente sobre poesía). Non hai que esquecer tampouco a súa dedicación á literatura infantil e xuvenil con títulos como *Os soños na gaiola* ou *A tribo ten catro ríos*.



TELÉFONOS DE INTERESE

Concello de Monforte	982 402501	
Delegación Municipal de Cultura	982 402501	
Oficina Municipal de Turismo.....	982 404715	
Casa da Cultura Lois Pereiro	982 404404	
Edificio Multiusos	982 403893	
Garda Municipal.....	982 400264	
Bombeiros	112	
Aqualia (Servizo Municipal de Augas)	982 412002	
Polideportivo Municipal	982 403150	
Piscina Municipal	982 411438	
Instituto Municipal de Drogodependencias	982 400495	
Instituto Nacional da Seguridade Social	982 411300	
Unidade de Saúde Mental	982 404611	
Centro da Terceira Idade (Servizos Sociais)	982 416541	
Policía Nacional	982 402245	091
Garda Civil	982 402239	
Garda Civil de Tráfico	982 402017	
Hospital Comarcal	982 417900	
Urxencias	982 400270	
Centro de Saúde	982 404712	
Cruz Vermella	982 402549	
Ambulancias Salutrans	982 401248	
Correos e Telégrafos	982 402468	
Facenda	982 403761	
Estación de Autobuses	982 402694	
ADIF Administrador de Infraestruturas Ferroviarias	902 240202	982 400106
Parada de taxis (Cardeal)	982 401435	
Parada de taxis (Estación)	982 401002	
Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 2	982 402195	
Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1	982 402479	
Fiscalía	982 411608	
Notaría	982 401683	
Oficinas Municipais de Información ao Consumidor	982 875126	
Rexistro da Propiedade	982 410857	
Oficina de Emprego.....	982 400108	
FENOSA atención ao cliente	901 380220	
Parador Nacional	982 418484	
Residencia da Terceira Idade	982 410211	
Inspección Técnica de Vehículos	982 410412	
Repsol Butano avarías	901 121212	
El Progreso	982 403400	
El Correo Gallego	982 402576	
La Voz de Galicia	982 416014	
Onda Cero Monforte	982 418243	
Radio Principal Cadena SER	982 400512	
En Común Monforte e Comarca	982 412129	



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

Mapa de Monforte de Lemos



1. Torre da Homenaxe
2. Mosteiro de S. Vicente do Pino
3. Palacio Condal
4. Burgo medieval e zona de ámbito xudeu
5. Igrexa da Régoa
6. Centro do Viño da Rib. Sacra
7. Ponte Vella
8. Museo de Arte Sacro "As Clarisas"
9. Nosa Señora da Antiga (Escolapios)

10. Oficina Información e Turismo
11. Casa da Cultura Lois Pereiro (Biblioteca)
12. Mercados de Monforte
13. Embarcadoiro
14. Centro Multiusos
15. Estación de Trens
16. Estacións de Bus
17. Club Fluvial
18. Museo do Ferrocarril de Galicia
19. Casa do Concello



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

